

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE ABRIL DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de abril de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 7 de abril de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA**

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “MELLORA ENERXÉTICA DE INFRAESTRUTURA DESTINADA A FINES EDUCATIVOS E FORMATIVOS DO ÁMBITO SOCIAL E CULTURAL”, redactado polo arquitecto Don Alberto

Blanco Rodríguez, con data abril de 2025, cun importe global de SESENTA MIL EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (60.000,02 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	53.950,02 €
✓ Honorarios de proxecto:	6.050,00 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 10/04/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

### ***3.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DE ASIGNACIÓN CON CARGO AO FONDO ADICIONAL DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL***

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto na letra h) do artigo 60.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DOG núm. 49, do 12/03/25).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a asignación da cantidade de SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €) para a

execución do investimento denominado *“MELLORA ENERXÉTICA DE INFRAESTRUTURA DESTINADA A FINES EDUCATIVOS E FORMATIVOS DO ÁMBITO SOCIAL E CULTURAL”*, de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, aprobado no anterior punto da Orde do Día.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

#### ***4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI***

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 24 de febreiro de 2025 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 47, do 10/03/25); e a conveniencia de solicitar dita subvención para dotar de equipamento na zona de exposicións do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro, consistentes na instalación de vinilos nas ventás e a adquisición de novo mobiliario expositor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha subvención económica, por importe total de VINTE E CATRO MIL CINCOCENTOS EUROS (24.500,00 €), para a realización do investimento

denominado “Equipamento da zona de exposicións do Centro Cultural “Manuel Lamazares” de Rodeiro”.

Segundo.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

## 5.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS NO ANO 2024

### ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2024, aprobouse a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2024.
2. Dita convocatoria e bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 249, correspondente ao día 26 de decembro de 2024.
3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	██████	Competicións federadas	17/01/25	E – 33
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	██████	Competición federada	22/01/45	E – 48
S.D. DE CAZA E PESCA DE RODEIRO	██████	Desbroces	30/01/25	E – 63
S.D. DE CAZA E PESCA DE RODEIRO	██████	Soltas especies cinexéticas	30/01/25	E – 63

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
ESCUDEIRÍA RODEIRO	████████	Campionato galego de montaña e de ralis 2024	31/01/25	E – 64
BALONMÁN RODEIRO	████████	Competicións federadas	01/02/25	E – 72

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíriúselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Segundo.- Conceder subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2024 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	████████	Competicións federadas	7.560,00 €	5.000,00 €
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	████████	Competición federada	16.800,00 €	7.800,00 €
S.D. DE CAZA E PESCA DE RODEIRO	████████	Desbroces	2.879,80 €	1.000,00 €
S.D. DE CAZA E PESCA DE RODEIRO	████████	Soltas especies cinexéticas	4.641,14 €	1.200,00 €
ESCUDEIRÍA RODEIRO	████████	Campionato galego de montaña e de ralis 2024	3.847,00 €	500,00 €
BALONMÁN RODEIRO	████████	Competicións federadas	9.740,56 €	8.500,00 €

Terceiro.- Conceder ás asociacións beneficiarias un prazo de quince días, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acordo, para que presenten ante o Concello, de non telo feito con anterioridade, a documentación xustificativa do gasto efectuado na actividade subvencionada.

## 6.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” 2024

En relación á subvención outorgada pola Deputación Provincial de Pontevedra, por acordo da Xunta de Goberno de data 11/10/24 e importe total de 3.288,60 €, para a programación do circuítio + Escénicas 2024, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 do circuítio “+Escénicas” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra (BOP núm. 133, do 09/07/24), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 3.288,60 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	DNI / CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
A XANELA DO MAXÍN S.L.	████████	2024/11	16/12/2024	30/12/2024	350,00 €
TARABELA CREATIVA S.C.	████████	TC25/005	16/02/2025	21/02/2025	2.904,00 €
CARMEN DOMECH MARTÍNEZ	████████	2025/08	12/03/2025	26/03/2025	400,00 €

- Cantidade xustificada: 3.654,00 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

## **7.- ACORDO DE CESE DA REPRESENTACIÓN FIDUCIARIA DO CONCELLO SOBRE A TITULARIDADE DE PARCELA DE RESULTADO DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO S.UR.ND.I – 1**

### ANTECEDENTES

1º.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de novembro de 2014 procedeuse á aprobación definitiva do proxecto de compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1 do PXOM.

2º.- Entre as parcelas afectadas por dito proxecto figuraba a seguinte coa referencia catastral que se especifica:

36047A092001450000PA

3º.- Dita parcela figuraba como de titularidade catastral de Manuel Rey Lorenzo.

4º.- Como consecuencia da compensación de dita parcela inicial atribuíuse a dita propiedade a porcentaxe do 8,63 por cento da parcela de resultado número dez (10) de dito Proxecto.

5º.- O Concello de Rodeiro, ao considerar non acreditada a propiedade da parcela de orixe e no mesmo acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente sinalado, atribuíuse con carácter fiduciario e para a súa entrega a quen acredite mellor dereito sobre a mesma, a representación da titularidade de dita parcela de resultado, na porcentaxe sinalada, en virtude do disposto no artigo 10.2 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo.

6º.- Dita circunstancia figura consignada na inscrición rexistral da finca no inscrición no Rexistro da Propiedade de Lalín, no Tomo [REDACTED].

7º.- Don Ramón Otero Rey, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Álceme, parroquia de Álceme, presenta escrito no Concello con data 9 de abril de 2025 (RE núm. 3519), manifestando que desexa acreditar a propiedade da parcela de orixe e, a tal efecto, achega a seguinte documentación:

- ✓ Escritura privada de partilla e adxudicación de herdanza de Ramón Rey Bardelás e María Dulcina Lorenzo Calviño, asinada en data 01/09/17.
- ✓ Acta de notoriedade de declaración de herdeiros abintestado de Manuel Rey Lorenzo outorgada ante a notaria de Lalín Dona María Teresa Bouzas Rodríguez en data 16/03/23 (protocolo núm. ■■■).
- ✓ Certificado da defunción de María Rey Lorenzo en data 01/03/24.
- ✓ Certificado de últimas vontades de María Rey Lorenzo.
- ✓ Testamento aberto de María Rey Lorenzo outorgado en data 09/03/22 ante o notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego (protocolo núm. ■■■).

Considerando o Concello acreditada a titularidade da parcela coa documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Cesar na representación fiduciaria da titularidade da porcentaxe do 8,63 por cento da parcela de resultado número dez (10) do proxecto de compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1, inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín, no Tomo 1021, Libro 103, Folio 220, Finca núm. 14337.

Segundo.- Atribuír a titularidade da anterior parcela en proindiviso aos/ás propietarios/as e pola porcentaxe de indiviso que deseguido se sinala:

PROPIETARIOS/AS PROINDIVISO	DNI / PASAPORTE	PORCENTAXE DE INDIVISO
José Antonio Rogel Gutiérrez	■■■■■	45,68500
Purificación Villanueva García	■■■■■	45,68500
Ramón Otero Rey	■■■■■	2,15750
María José Rey Panadeiros	■■■■■	2,15750
Julio Ramón Rey Fernández	■■■■■	2,15750
Atilano Vence Rey	■■■■■	1,07875
Augusto Vence Rey	■■■■■	1,07875

Terceiro.- Achegar certificación deste acordo ao Rexistro da Propiedade de Lalín aos efectos que procedan.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1, así como aos/ás interesados/as.

## **8.- ALTA DE USUARIA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2024-2025**

VISTA a instancia presentada por Dona María Belén Villanueva Patao, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 518, do 09/04/25), pola que solicita a alta da súa filla Rosalía Ferradás Villanueva como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2024-2025, en xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 10/04/25, pola directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2024-2025, da menor ROSALÍA FERRADÁS VILLANUEVA, en xornada completa, con data de efectos do día 15 de abril do corrente.

## **9.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 566,32 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 25A/428 e 25A/429 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 112,89 € E 403,67 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7H60001504 e TA7H60001505 (FACe).

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 19,00 €, 0,00 € E 1,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-D5M0-068847, 28-D5DD-055585 e 28-D5U1-083461 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 227,09 € E 4,08 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de marzo de 2025, s/facturas núm. 4004299028 e 4004294362 (FACe).
- CONSULTORÍA ICAL S.L. 4.719,00 €  
Por abono total do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2024, s/factura núm. 2025/005 (FACe).
- GRUPO ACODE EDUCA S.L. 3.200,00 €  
Por desenvolvemento do programa “Trazos e Texturas – TeT”, s/factura núm. 25-004 (FACe).
- FINANCIERA MADERERA S.A. 121,00 €  
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 1501009558 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L. 2.772,55 €  
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000015 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)